

Ningún dubida da asociación entre desenvolvemento económico e infra-estrutura, nin de que o exame da distribución territorial do investimento nas mesmas pode ser un bo indicador do grao de discriminación positiva ou negativa dun territorio, aínda que non o único nin moito menos. Cómpre discutir que tipo de infra-estruturas son as máis acaídas en cada momento.

Sobre todo, debemos ter en conta que importancia relativa debe outorgárselle a elas dentro dunha estratexia de desenvolvemento económico, fronte a outros usos posíbeis dos recursos: impulso a actividades produtivas e de servizos que aproveiten máis intensivamente as infra-estruturas existentes; investimento en investigación, innovación e educación; investimento en actividades de previsión, asistencia e benestar social; impulso á creación cultural, etc. É dicir, cómpre cuestionarse: ¿en que medida ou proporción debemos concentrar os nosos esforzos en construír infra-estruturas?, ¿en que tipo delas facelo? e mesmo ¿como financiarlas e xestionalas?

\*Catedrático de Economía Aplicada da USC

Podes descargar o artigo completo en [Infraestruturas X Vence.pdf \(33.12 KB\)](#)